

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida no punto 2 da disposición derradeira segunda do citado real decreto, que faculta, no seu punto segundo, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta coas comunidades autónomas, para modificar o anexo VIII para actualizar os baremos de indemnización.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica.*

A alínea e) da parte A do número 1 do anexo VIII do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, substitúese pola seguinte:

«e) Animais de máis de 20 e menos de 90 quilogramos/peso vivo: ao importe do leitón de 20 quilogramos calculado como se indica no parágrafo anterior incrementaráselle o importe dos quilogramos que excedan de 20. O dito importe calcularase tendo en conta a seguinte fórmula:

$$I = [(F - D)/70] \times K$$

en que:

I = Importe que se vai incrementar.

F = Valor dun porco de 90 quilogramos de peso vivo segundo a alínea f) deste punto.

D = Valor dun leitón de 20 quilogramos, segundo cálculo expresado na alínea d) deste punto.

K = Número de quilogramos que exceda de 20.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 11 de abril de 2006.

ESPINOSA MANGANA

6886 *ORDE APA/1111/2006, do 7 de abril, pola que se ditan disposicións para o desenvolvemento do Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro, polo que se declara, para incendios acaecidos en diversas comunidades autónomas, a aplicación das disposicións contidas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. («BOE» 92, do 18-4-2006.)*

O artigo 2 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establece as indemnizacións para paliar os danos ocasionados en producións agrícolas e gandeiras.

A seguir, o artigo 3 do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establece as indemnizacións das explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas afectadas.

Así mesmo, o Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro, establece que as medidas previstas no capítulo I do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, nos artigos 2 a 12,

ambos os dous inclusive, e desenvolvidas polos artigos 2 a 10, ambos os dous inclusive, do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, serán de aplicación nos municipios e núcleos de poboación citados no seu anexo.

En consecuencia, a Orde APA/2860/2005, do 15 de setembro, pola que se ditan disposicións para o desenvolvemento do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, e do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, sobre medidas urxentes en materia de incendios forestais na provincia de Guadalajara, establece, no seu artigo 1, que as medidas contidas na devandita orde son de aplicación no ámbito territorial descrito no artigo 1.2.a) do Real decreto 949/2005 do 29 de xullo, sen prexuízo do previsto no artigo 1.2.c) do citado real decreto.

Procede agora desenvolver as medidas do Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro, no ámbito territorial sinalado no punto 2.b) do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, e no ámbito territorial establecido no anexo do Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro.

Dada a especificidade destas axudas e a urxencia existente na aplicación das medidas establecidas para paliar os danos ocasionados polos incendios, considérase necesario establecer conxuntamente as bases e a convocatoria das axudas previstas no Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro, de acordo co artigo 23.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De modo excepcional e tendo en conta a limitación dos créditos orzamentarios dispoñibles e a urxencia necesaria para a valoración dos danos producidos, considérase máis axeitado centralizar a valoración e xestión das medidas previstas na presente orde para asegurar a recepción das cantidades correspondentes, axilizar a percepción das indemnizacións e velar pola non superación do límite das axudas.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, e do Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro, faculta os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para a execución do establecido neste.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito territorial.*

O obxecto desta orde é desenvolver o contido do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, e do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, así como establecer as bases e a convocatoria das axudas de acordo co artigo 23.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en réxime de concesión directa, de acordo co artigo 22.2.c) da mencionada lei, para paliar os danos sufridos nas explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas como consecuencia dos incendios, e que se encontren no ámbito territorial descrito no artigo 1.2.b) do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, e no anexo do Real decreto 1123/2005, do 26 de setembro.

Artigo 2. *Danos indemnizables.*

Serán obxecto de indemnización os danos causados polos incendios forestais nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de Seguros Agrarios combinados para o ano 2005, sufrisen perdas nas súas producións non cubertas polas liñas de seguros agrarios combinados.

Serán igualmente obxecto de indemnización as perdas orixinadas nas explotacións gandeiras cuxos animais estean asegurados en calquera das liñas de seguro contidas no plan anual, como consecuencia dos danos rexistrados sobre os pastos e outras áreas de aproveitamento gandeiro.

Non obstante, para o caso de producións que, nas datas do sinistro, non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións sempre e cando se contratase o seguro correspondente ás ditas producións no exercicio anterior.

Tamén poderá percibirse indemnización polos danos causados en producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente Plan de Seguros Agrarios, agás cando as producións afectadas xa estivesen garantidas por calquera modalidade de aseguramento non incluída no Sistema de Seguros Agrarios combinados.

Así mesmo, poderán ser obxecto de indemnización os danos en explotacións apícolas.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

As indemnizacións previstas nesta orde irán destinadas aos titulares daquelas explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas que, estando situadas nos termos municipais indicados no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 20 ou 30 por cento da produción, segundo se trate ou non de zonas desfavorecidas conforme os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Os beneficiarios deberán cumprir co establecido nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4. *Solicitudes de indemnización.*

Os asegurados en que concorran as circunstancias establecidas na presente orde, que desexen acollerse ás indemnizacións mencionadas, deberán presentar a súa solicitude no rexistro da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA), ou nos rexistros das delegacións e subdelegacións do Goberno, ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o modelo que se recolle no anexo, e no prazo de quince días hábiles, contados a partir da entrada en vigor desta orde.

A dita solicitude deberá ir acompañada dunha declaración do solicitante en que indique se percibiu ou non outras axudas por estes mesmos danos e, en caso afirmativo, a contía delas, así como fotocopias cotexadas do documento nacional de identidade ou, se é o caso, da tarxeta de identidade de estranxeiro, do asegurado solicitante.

No caso de que o solicitante non sexa unha persoa física deberán achegar fotocopias cotexadas do código de identificación fiscal do solicitante, así como do documento nacional de identidade e copia fidedigna dos poderes do representante legal da entidade asinante da solicitude.

Os solicitantes de axudas por danos en explotacións apícolas deberán achegar documento acreditativo do número de colmeas queimadas, así como copia cotexada da póliza de seguro que puidese ter contratada o produtor, así como unha declaración da contía a percibir, ou percibida en concepto de indemnización, da entidade aseguradora.

Os solicitantes de axudas, tanto por danos en explotacións agrícolas coma en explotacións gandeiras, deberán achegar copia da solicitude das axudas da Política Agraria Común do ano 2005.

A solicitude levará consigo a autorización á Administración para solicitar os datos á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre o cumprimento das súas obrigas fiscais e de seguridade social.

Artigo 5. *Determinación da indemnización.*

Para determinar a indemnización que pode corresponder a cada solicitante que cumpra co establecido na presente orde, aplicarase o procedemento que seguidamente se relaciona:

1. De conformidade co punto 11.3.3 das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02) o cálculo das perdas realizarase por explotación individual.

2. Para as producións incluídas no sistema de seguros agrarios, os criterios de valoración serán, na medida en que resultan aplicables, os fixados nas condicións xerais e especiais establecidas para cada liña de seguro, así como na norma xeral de peritación dos seguros agrarios combinados.

3. Nas producións agrícolas indemnizaranse as perdas rexistradas na produción esperada na campaña. No caso de producións agrícolas leñosas terase en conta, ademais, unha compensación equivalente ao custo de reposición das plantacións afectadas e a posible repercusión que puidese orixinarse nas próximas campañas.

4. No cálculo da indemnización terase en conta tanto a produción recolectada coma os danos xa avaliados por parte da Agrupación Española de Entidades Aseguradoras, S. A. (AGROSEGURO) e correspondentes a outros riscos cubertos polo seguro.

5. Para determinar a contía da indemnización que poida corresponder a cada asegurado aplicarase unha franquía absoluta do 20 por cento e unha cobertura máxima do 80 por cento dos danos ocasionados.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará conta ás comunidades autónomas afectadas do procedemento e contía das axudas concedidas.

7. Para determinar o dano ocasionado nas explotacións gandeiras, terase en conta a superficie de pasto e de aproveitamento gandeiro que resultou afectada polos incendios. Para determinar a superficie afectada polo incendio contrastaranse as parcelas incluídas na solicitude de axuda, con imaxes de satélite tomadas nas datas do incendio. As perdas rexistradas serán compensadas cunhas indemnizacións, en concepto de gastos extraordinarios para a alimentación dos animais, nas seguintes contías:

Gando vacún e equino: 165 €/animal reprodutor.

Gando ovino e caprino: 25 €/animal reprodutor.

Para determinar a carga gandeira obxecto de indemnización, terase en conta o declarado na solicitude das axudas da Política Agraria Común do ano 2005.

8. As explotacións apícolas afectadas serán indemnizadas polas perdas ocasionadas polo incendio nas colmeas queimadas, sempre que as ditas perdas non sexan compensadas polas pólizas de seguro que puidesen ter formalizadas os produtores. A indemnización que se vaia percibir incluirá, igualmente, unha compensación económica en concepto de mingua de produción na próxima campaña. A contía máxima de indemnización, por ambos os dous conceptos, será de 120 €/colmea queimada. Desta cantidade deduciranse as indemnizacións que puidese percibir o apicultor polas entidades aseguradoras.

9. Para as restantes producións a indemnización que se vaia percibir determinarase tendo en conta as condicións e os procedementos establecidos no sistema de seguros agrarios.

Artigo 6. *Procedemento.*

1. O órgano responsable da instrución do procedemento será a Secretaría Xeral de ENESA, nos termos previstos nos artigos 22 e 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. O exame e valoración das solicitudes levarao a cabo unha comisión de valoración constituída do seguinte xeito:

Presidente: o director de ENESA.

Vogais: dous funcionarios de ENESA.

Secretario: un funcionario de ENESA, con voz pero sen voto.

Os vogais e o secretario desta comisión serán designados polo director de ENESA.

Tras a avaliación e exame das solicitudes formularase a oportuna proposta de resolución, que deberá expresar:

- a) A relación de solicitantes para os cales se propón a concesión da axuda.
- b) A contía da axuda.

3. A dita proposta de resolución será notificada aos solicitantes concedendo, en trámite de audiencia, un prazo para presentaren alegacións.

4. No prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución, o presidente de ENESA procederá a ditar a resolución correspondente. O contido íntegro da resolución exporase no taboleiro de anuncios de ENESA, e será notificado ao interesado nun prazo máximo de seis meses desde a publicación da presente orde.

Contra a devandita resolución poderase interpor recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

5. O pagamento das indemnizacións realizarase de conformidade co disposto nos artigos 5 e 9 da presente orde.

Artigo 7. *Controis.*

Por parte de ENESA levaranse a cabo as actuacións de comprobación que se consideren precisas para garantir a correcta adxudicación das indemnizacións, solicitando a achega da documentación que considere necesaria para verificar a veracidade da información facilitada polos solicitantes.

Artigo 8. *Compatibilidade con outras axudas.*

Estas axudas son compatibles coas que puidesen establecer as comunidades autónomas de Andalucía, Canarias, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Cataluña, Extremadura e Galicia, para estes mesmos danos, sempre e cando o total non supere o límite do dano. Para tal efecto, ENESA poderá solicitar ás ditadas comunidades un certificado sobre as axudas concedidas por estes danos.

Artigo 9. *Financiamento.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través de ENESA, aboará as indemnizacións calculadas de acordo co establecido no artigo 5 da presente orde.

O importe total máximo das indemnizacións, incluíndo os gastos derivados da xestión e valoración dos danos, será de 3,5 millóns de euros, e serán aboados con cargo aos orzamentos xerais de ENESA.

En caso de que o total das indemnizacións correspondentes ao conxunto dos beneficiarios supere a cantidade establecida, reduciranse as ditadas indemnizacións de xeito proporcional á súa contía.

Disposición adicional única. *Declaración previa de compatibilidade co tratado constitutivo da Comunidade Europea.*

A eficacia das resolucións de concesión das indemnizacións reguladas na presente orde quedará condicionada pola decisión positiva sobre compatibilidade co mercado común, por parte do órgano competente da Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o presidente de ENESA para ditar, no ámbito das súas atribucións, as resolucións e medidas necesarias para o cumprimento da presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto na presente orde será de aplicación o preceptuado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Regulamento de procedemento para a concesión de axudas e subvencións públicas, aprobado polo Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto ao que non se opoña ao establecido na mencionada lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de abril de 2006.

ESPINOSA MANGANA



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACION

ANEXO. SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN

Por danos causados por riscos extraordinarios non amparados polo Seguro Agrario Combinado, segundo se establece en:

ORDE APA/ /2006 DO DE ABRIL .

DATA PRESENTACIÓN		NÚM. SOLICITUDE

I. DATOS DO SEGURO

Plan: _____
Liña de seguro _____
Referencia: _____
Colectivo: _____
Nº de Orde: _____

II. DATOS DO ASEGURADO SOLICITANTE

Nome e apelidos _____
Rúa ou Praza _____ Localidade _____
Cod _____ Provincia _____ Cod _____ Cod. Postal _____
NIF _____ Teléfono de aviso _____
Enderezo de correo electrónico _____

PROVINCIA	COMARCA	TERMO MUNICIPAL	CÓDIGOS		
			Prov.	Com.	T.M.

PARCELA Nº	Folla	CULTIVO		OPCIÓN	IDENTIFICACIÓN CATASTRAL		SUPERFICIE (ha) (1)	UD SOLICIT. (2)
		Código	Literal		Polígono	Parcela		
NÚMERO TOTAL DE PARCELAS					TOTAL SUPERFICIE / UD			

IV. DECLARACIÓNS DO ASEGURADO SOLICITANTE.

O asegurado arriba referenciado solicita, ao abeiro do previsto na mencionada orde e nas normas que o desenvolven, que lle sexa concedida a indemnización prevista nas citadas disposicións para aquelas parcelas da explotación antes sinaladas, que, estando aseguradas no plan e liña mencionados, sufriron danos polos riscos previstos nas ditas disposicións e que non se atopan amparados pola póliza subscrita e en vigor. O solicitante autoriza a ENESA para solicitar os certificados que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

V. DATOS BANCARIOS PARA O COBRAMENTO DA INDEMNIZACIÓN.

Titular _____	CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)			
NIF _____	Entidade	Ofic.	DC	Número de conta
Nome banco _____				
Domicilio sucursal/Rúa _____				Número _____
Localidade _____				Provincia _____

VI. AUTORIZACIÓN.

O solicitante autoriza a D. _____ con D.N.I. _____
Para representalo no proceso de xestión, taxación e valoración de danos e para asinar a proposta valorada de indemnizacións resultantes.

VII. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (IMPRESINDIBLE).

Fotocopias do DNI do asegurado solicitante e DNI do autorizado. Se non é unha persoa física, no reverso indícase a documentación que hai que remitir. Declaración responsable de percepción doutras subvencións.

Os datos serán tratados respectando en todo caso o establecido no artigo 5 da Lei orgánica 50/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOTA: Antes de cubrir este impreso, léanse con detención as instrucións que figuran no dorso.

_____, _____ de _____ de 200 _____.
Sinatura

PRESIDENTE DA ENTIDADE ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS.

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE.

Esta solicitude deberase presentar no Rexistro da ENTIDADE ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS (Miguel Ángel, nº 23 5ª planta, 28010 - MADRID), nos rexistros das delegacións ou subdelegacións do Goberno, ou nas demais oficinas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, ata a data establecida no texto da orde.

O impreso cubrirase en todos os seus puntos agás nas casas sombreadas.

- I. DATOS DO SEGURO:** corresponden aos números 3, 8, 6 e 7 da súa póliza de seguro.
- II. DATOS DO ASEGURADO SOLICITANTE:** corresponde ao número 11 da súa póliza de seguro (é obrigatorio indicar o NIF do solicitante).
- III. DATOS DA EXPLOTACIÓN ASEGURADA:** (datos de folia anexa do seguro): corresponde ao número 20 da súa póliza de seguro.
(1) Encherase a superficie afectada das parcelas solicitadas en hectáreas, con dous decimais.
(2) Para o caso de producións gandeiras: encherase unha fila por cada parcela de pastos solicitada coa súa identificación catastral, e ademais encherase outra fila con cada especie e nº de animais **reprodutores** polos cales solicita a axuda.
Para o caso de producións leñosas: encherase unha fila por cada parcela solicitada coa súa identificación catastral e o nº de pés polos cales se solicita a axuda.
- V. DATOS BANCARIOS:** é absolutamente necesario cubrir esta epígrafe para poder aboar mediante transferencia o importe da indemnización que poida corresponderlle.

Se tivese algunha dúbida á hora de encher a casa de "código conta cliente (ccc)" rogámoslle que consulte á entidade de crédito onde teña aberta a conta en que desexe domiciliar o pagamento.

- VII. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:** é imprescindible a presentación, xunto á solicitude, de fotocopias do DNI do asegurado solicitante. Se o solicitante non fose unha persoa física, deberá achegar: copia do seu CIF, documentación que acredite como tal o seu representante e copia do DNI deste último.

Esta solicitude deberá ir asinada polo propio asegurado solicitante da indemnización ou polo seu representante legal.

É aconsellable conservar a copia da solicitude para facilitar o labor de valoración e liquidación da indemnización.

Deberase xuntar declaración responsable do solicitante na cal se faga constar a contía que puidese percibir en concepto de axudas para a mesma finalidade.

NOTA: Calquera consulta ou aclaración ao respecto poden formulala á Entidade Estatal de Seguros Agrarios, r/Miguel Ángel, nº 23 - 5ª planta - 28010 MADRID Teléfonos: 91/308.10.30-31-32; Fax: 91/308.54.46
